

POSICIONAMENTO DAS CANDIDATURAS Á REITORIA SOBRE O EMPREGO DE PROGRAMA BIBLIOTECARIO CON SEDE NOS TERRITORIOS OCUPADOS DE PALESTINA

Mércores, 28 de abril de 2026

Aportamos a continuación a opinión da candidata Belén Rubio e dos membros da súa candidatura sobre as cuestións formuladas.

Desde H2040 queremos trasladar o noso respecto pola preocupación expresada pola UVigo por Palestina e pola sensibilidade dunha parte importante da comunidade universitaria ante a situación gravísima que se está a vivir en Palestina. A Universidade de Vigo debe ser sempre un espazo comprometido coa defensa e a promoción dos dereitos humanos, coa paz e coa protección da vida, no marco do respecto polo dereito internacional e a defensa da cultura, do coñecemento e do patrimonio dos pobos.

En relación co software de xestión bibliotecaria ao que se fai referencia, cómpre sinalar que a Universidade de Vigo emprega actualmente solucións vinculadas á empresa Clarivate, entre as que se atopa ALMA, utilizada para a xestión bibliotecaria, así como outros servizos amplamente estendidos no sistema universitario e científico internacional, como Web of Science. Trátase dunha cuestión complexa, con implicacións técnicas, contractuais, económicas e de funcionamento ordinario dun servizo esencial para a comunidade universitaria.

Cando se tivo coñecemento desta preocupación, trasladouse a consulta á dirección da Biblioteca Universitaria, que á súa vez solicitou información á empresa. Segundo a información recibida, Clarivate indicou que a súa oficina en Israel non se atopa en territorios ocupados. Con todo, somos plenamente conscientes de que esta explicación non esgota nin resolve a preocupación ética e política formulada, especialmente nun contexto internacional tan doloroso e sensible.

Por iso, a nosa posición é clara: a Universidade non debe permanecer allea a este debate. Se asumimos responsabilidades de goberno, comprometémonos a analizar con rigor a situación contractual existente, avaliar alternativas técnicas viables, estudar os impactos reais dun eventual cambio de sistema e abordar esta cuestión cos órganos competentes, coa Biblioteca Universitaria e coa comunidade universitaria. Calquera decisión deberá adoptarse con responsabilidade, garantindo a continuidade e calidade do servizo bibliotecario, a seguridade dos datos e o interese xeral da Universidade.



Neste sentido, H2040 comprométese a promover unha revisión serena, rigorosa e transparente desta cuestión, co obxectivo de avanzar cara a solucións coherentes cos valores dunha universidade pública comprometida cos dereitos humanos, sen poñer en risco o funcionamento dun servizo esencial nin adoptar decisións precipitadas que poidan prexudicar á comunidade universitaria. Tamén comprometémonos a impulsar desde a CRUE e a rede REBIUN unha solución a nivel nacional.

A Universidade de Vigo debe estar do lado da paz, da legalidade internacional, da defensa da vida e do coñecemento. Ese será tamén o marco desde o que abordaremos esta e calquera outra decisión institucional.

Belén Rubio Armesto
Candidata H2040

Quedamos á disposición para calquera información adicional que sexa precisa: H2040@uvigo.es

Páxina web: www.belenrubioh2040.com

Canle de Youtube: <https://www.youtube.com/@H2040uvigo>

